

PROPOSTA DO PLAN DE ACTUACIÓN PARA EVITAR O PLAXIO ACADÉMICO (2020)

Volume 7



Universidade de Vigo



Coordinadores:
Jesús Miguel Muñoz Cantero
Ana M^a Porto Castro
Camilo Isaac Ocampo Gómez
M^a Josefa Mosteiro García
Eva M^a Espiñeira Bellón



Universidade de Vigo



PROPOSTA DO PLAN DE ACTUACIÓN PARA EVITAR O PLAXIO ACADÉMICO

(2020)
Volume 7

COORDINADORES:

Jesús Miguel Muñoz Cantero
Ana M^a Porto Castro
Camilo Isaac Ocampo Gómez
M^a Josefa Mosteiro García
Eva M^a Espiñeira Bellón

EQUIPO DE INVESTIGACIÓN

Grupo GIACE (UDC)


Jesús Miguel Muñoz Cantero
Eva M^a Espiñeira Bellón
M^a Cristina Pérez Crego

Grupo IDEA (USC)

Ana M^a Porto Castro
M^a Josefa Mosteiro Pérez
Enelina M^a Gerpe Pérez
Álvaro Lorenzo Rey
Lucía Lareo Pena

Grupo GIA (UVigo)

Camilo Isaac Ocampo Gómez
José Antonio Sarmiento Campos
Pablo Rodríguez Álvarez
Alberto José Barreira Arias
M^a Dolores Castro Pais



ISBN: 978-84-18291-15-9

IMPRIME:

Reprografía Noroeste S.L.
Rúa da Fraga, 10 baixo
15008 A Coruña

EDITA:

Grupo de innovación GITIAES e grupo de investigación GIACE da UDC
Grupo de investigación IDEA da USC
Grupo de investigación GIA da Uvigo

Este estudo foi financiado pola Consellería de Cultura, Educación e Universidade. Secretaría Xeral de Universidades.

INDICE

INTRODUCCIÓN	7
EIXOS DE ACTUACIÓN	10
ACTUACIÓNS	11
ALUMNADO	12
PROFESORADO	14
ÓRGANOS DE XESTIÓN UNIVERSIDADES	16
ÓRGANOS DE GOBERNO DA CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE DA XUNTA DE GALICIA	18
REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS	19

INTRODUCCIÓN

Nos últimos anos as prácticas deshonestas identificadas como o plaxio académico están a ter un amplo impacto na sociedade. Estas prácticas prodúcense en todos os ámbitos, sendo máis graves, se cabe, tanto no ámbito científico como no académico, o que conleva unha preocupación constante polos problemas éticos e legais que derivan deste tipo de prácticas.

Son moitos os estudos que se levaron a cabo nos últimos anos sobre este tema nos distintos niveis educativos e, máis concretamente, no ensino universitario universitario (Morey-López, Sureda-Negre, Oliver-Trobat, & Comas-Forgas (2013); Ceballos, & Vásquez (2013); Ruíz (2016), nos que se visibilizan tanto as causas deste tipo de prácticas como as formas de prevención desde o punto de vista dos/as discentes e do persoal docente.

Aínda que é un tema amplamente estudado, non existe un consenso á hora de delimitalo debido á multidimensionalidade, multicasualidade e aos determinantes culturais do mesmo (Muñoz-Cantero, Rebollo-Quintela, Mosteiro-García, & Ocampo-Gómez, 2019). Acadar unha definición exacta de plaxio resulta complexo (Porto, Espiñeira, Losada, & Gerpe, 2019), se ben pode entenderse comunmente como copiar no substancial unha obra allea presentándoa como propia (Miranda, 2013).

O termo plaxio provén do latín *plagium* e significa “secuestro”; do grego *πλάγιος* (*plagios*), que significa ‘trapacero’ ou ‘trapacista’, é dicir, o que anda con astucias, falsidades e mentiras, procura enganar a alguén nun asunto. “Plagiar”, na primeira acepción recollida no Dicionario da RAE é “copiar no substancial obras alleas, dándoas como propias” (Real Academia Española, 2001: voz “plaxio”).

Toller (2011) define o “plaxio académico”, total ou parcial, cando se levou a cabo unha apropiación, literal ou substancial, de ideas, sentenzas ou obras alleas, publicadas ou inéditas, presentándoas como propias ou non, citando nas notas ao pé con claridade e con exactitude as fontes utilizadas en cada caso.

No ámbito universitario, o plaxio académico representa unha preocupación crecente, chegando a converterse “nunha das expresións de falta de ética profesional e científica que máis retos presenta” (Ramírez, 2017, p. 7); é preocupante neste ámbito unha forma de plaxio académico como o de presentar os nosos propios traballos xa publicados como novos, co que se estaría cometendo *Autoplaxio*.

En canto ás causas do plaxio, ao tratarse dun fenómeno poliédrico, seguindo a Sureda, et al. (como se citou en Porto, Mosteiro, & Gerpe, 2019) non ten a súa explicación nunha soa causa,

senón en múltiples factores que, dun modo holístico, determinan a realización deste tipo de prácticas deshonestas.

Os resultados acadados no estudo realizado no Sistema Universitario de Galicia sobre o plaxio académico amosan que o alumnado valora positivamente o proceso de citación en canto lle serve para recoñecer o mérito dos/das autores/as orixinais, para remitir ás fontes orixinais e para apoiar os seus argumentos.

En relación ás posibles accións de plaxio cometidas polo alumnado ao longo dos seus estudos, a copia de fragmentos de textos/de fontes escritas/de apuntes, sen citar, son prácticas recoñecidas como habituais, mentres a entrega íntegra de traballos descargados de Internet sen modificalos, ou a copia total de textos de diversas fontes, son consideradas como prácticas deshonestas por parte do alumnado universitario de Galicia.

En canto á percepción sobre a comisión de plaxio por parte de compañeiros/as, o alumnado admite que o grupo de iguais ten realizado algunha práctica deshonestas, como por exemplo a copia de partes de traballos de cursos anteriores para entregar un novo traballo, ou fragmentos de páxinas web e mesmo fragmentos de textos, ou dos apuntes do profesorado.

Finalmente, en relación ás principais causas que levan a realizar accións de plaxio, o alumnado dos títulos de Grao e Mestrado do Sistema Universitario de Galicia sinala que as principais causas da comisión de plaxio son a falta de tempo e a sobrecarga de traballo. Non son consideradas causas do plaxio a gravidade das sancións e o descoñecemento da normativa que o penalice entre outras.

O alumnado de doutoramento manifesta unha tendencia xeral a valorar como algo negativo o cometer plaxio na elaboración de traballos científicos. Por outra parte, non atribúen aos seus compañeiros/as condutas de plaxio e amosan una valoración moi positiva das accións levadas a cabo polo profesor/a, titor/a ou director/a da tese para evitalo, principalmente no que se refire á supervisión do proceso de elaboración da mesma, prestando atención individualizada e dando instrucións precisas para a súa realización. As súas demandas están dirixidas ás/aos axentes do eido *Institucional* que conforman os programas de doutoramento (coordinadoras/es dos Programas, Escolas de Doutoramento, Universidades, etc.), que deberían facer máis e mellor supervisión dos traballos e tarefas asociados a esta etapa. A concienciación, a honestidade persoal e profesional do propio estudantado de doutoramento, e dos/as titoras/es e directoras/es de Tese, destacan de igual modo como fundamentais. A utilización de *Ferramentas* que axuden a detectar as prácticas relacionadas co plaxio académico é para o alumnado de doutoramento un elemento fundamental e de eficacia para

evitar a comisión de plaxio, xunto coas medidas de *Información* e *formación* sobre a elaboración de *citas* e *bibliografía*, mentres que non contemplan as *Sancións* como medidas eficaces para evitar o plaxio académico.

Ademais, toda a comunidade universitaria é consciente da envergadura do tema e da necesidade de adoptar medidas de cara a evitar este tipo de condutas. Así, o profesorado, o alumnado e os/as responsables da xestión académica dos centros coinciden na necesidade de levar a cabo actuacións de carácter preventivo, informativo e punitivo que fagan que este tipo de condutas non éticas deixen de ser unha práctica habitual no contexto universitario.

Os resultados acadados no estudo levan a esta equipa de investigación á necesidade de propoñer e presentar un *Plan de Acción*, un documento que defina as accións que se poden desenvolver na universidade para evitar condutas de plaxio na comunidade universitaria.

Para a elaboración das actuacións tomáronse como punto de partida, por un lado, os resultados indicados previamente sobre a percepción do alumnado ante o plaxio académico, obtidos despois de analizar a información recollida a través dos cuestionarios aplicados nos cursos académicos 2018-2019 e 2019-2020 ao alumnado do Sistema Universitario de Galicia e, por outro, a partir da opinión da comunidade universitaria sobre o tema, obtida a través dos grupos de discusión realizados no curso 2019-2020.

Con estas actuacións preténdese realizar unha proposta que sexa de utilidade para toda a comunidade universitaria e que permita establecer os mecanismos necesarios para evitar o plaxio académico nas institucións de educación superior.

As actuacións que se contemplan enmárcanse nos tres eixos fundamentais seguintes: accións dirixidas ao estudiantado de grao, mestrado e doutoramento, accións deseñadas para o profesorado e accións destinadas á institución universitaria e á Consellería de Cultura, Educación e Universidade.

EIXOS DE ACTUACIÓN

A proposta que se deseña de seguido pretende contribuír ao desenvolvemento dunha docencia universitaria de cualidade, sensibilizando e concienciando á comunidade universitaria da importancia dunha temática como o plaxio académico, que atinxe a todos os axentes que a integran.

No seu deseño e desenvolvemento pártese da necesidade de levar a cabo actuacións de:

- Sensibilización á comunidade universitaria (estudiantado de grao, mestrado e doutoramento; persoal docente e investigador e responsables académicos) acerca da adopción de actitudes e condutas éticas no desenvolvemento do traballo académico.
- Concienciación ao estudiantado universitario de grao, mestrado e doutoramento sobre a importancia de empregar correctamente as normas de citación nos traballos académicos.
- Formación ao estudiantado universitario de grao, mestrado e doutoramento para evitar o plaxio e ao persoal docente e investigador e responsables académicos na súa prevención e detección.
- Promoción da investigación para avanzar no coñecemento sobre o plaxio e no deseño de boas prácticas en relación ao plaxio no ámbito universitario.

ACTUACIONES

Neste punto preténdese visibilizar a necesidade de que a institución universitaria constitúa un eixo e motor de promoción dunha política e cultura institucional que asegure o desenvolvemento de boas prácticas e, do mesmo modo, propoña elementos para unha axeitada formación que axude a evitación de condutas deshonestas como pode ser o plaxio no estudiantado.

Para isto é necesario dirixirse ao alumnado e a toda a comunidade universitaria, e mesmo aos Órganos de goberno da Consellería de Cultura, Educación e Universidade da Xunta de Galicia, de tal xeito que as accións que se propoñen de seguido están referidas ao alumnado de grao, mestrado e doutoramento, ao persoal docente e investigador (PDI) e aos órganos de goberno unipersoais e colexiados da propia universidade (Reitorado, Direccións de Centro e Decanatos; Consello de Goberno, Xuntas de Centro...), e da Consellería de Cultura, Educación e Universidade da Xunta de Galicia.

ALUMNADO

ALUMNADO GRAO E MESTRADO

- Desenvolver nos distintos títulos de grao e mestrado competencias técnicas, metodolóxicas e actitudinais relacionadas coa forma correcta de citar e referenciar.
- Promover a participación en xornadas informativas sobre o plaxio e o seu significado (en todas as súas posibilidades).
- Aproveitar as tecnoloxías da información e comunicación para faceren traballos orixinais e ben estruturados nos que se citen e teñan en conta as contribucións doutras persoas que han de referenciarse correctamente, segundo as normas de publicación elixidas.
- Promover xornadas e accións didácticas orientadas á comprensión dos riscos do plaxio, tanto dende unha perspectiva legal como dende o punto de vista da ética académica e profesional.
- Promover sesións de concienciación sobre os efectos que a nivel persoal, como cidadán da sociedade, trae consigo cometer actos carentes de ética.
- Realizar cursos e accións divulgativas e formativas sobre a calidade dos traballos académicos e a temática do plaxio académico, facendo fincapé na súa relevancia e na súa utilidade.
- Transmitir ó alumnado o valor na aprendizaxe da realización correcta de tarefas académicas e da necesidade do esforzo de cara a acadar competencias profesionais.
- Formar ao alumnado de grao e mestrado na correcta utilización de recursos bibliográficos, dixitais e competencias informacionais.
- Proporcionar feedback sobre o traballo realizado polo alumnado e sobre o proceso de citación.
- Proporcionar información e formación sobre as ferramentas antiplaxio, e o seu uso.
- Proporcionar cursos de formación e accións divulgativas e formativas, sobre a calidade dos traballos académicos, desde un punto de vista de ética académica, investigadora e profesional.

ALUMNADO DOUTORAMENTO

- Realizar cursos de formación sobre a axeitada citación e elaboración de referencias bibliográficas, especialmente naquelas áreas onde, ao longo dos estudos previos, non se recibiu esa formación.
- Proporcionar ferramentas para detectar plaxio ou posibles copias de fragmentos en documentos manexados no proceso de formación como investigadores/as.
- Poñer en coñecemento do alumnado os principios éticos que deben rexer a realización de traballos de investigación, así como e as consideracións necesarias a ter en conta no dito proceso.

PROFESORADO

- Proporcionar cursos de formación e accións divulgativas e formativas sobre a cualidade dos traballos académicos, desde un punto de vista de ética académica, investigadora e profesional.
- Realizar cursos de formación sobre o uso de ferramentas de detección de plaxio nos traballos académicos, nos cales se transmitan uns criterios unificados para a interpretación correcta dos resultados do programa.
- Contemplar nas guías docentes de todas as materias competencias técnicas, metodolóxicas e actitudinais relacionadas coa forma correcta de citar e referenciar, dentro dos límites establecidos pola correspondente Memoria Verifica, facendo fincapé nas consecuencias que un comportamento carente de ética no desenvolvemento de actividades tería repercusións negativas para o alumnado.
- Propoñer a incorporación entre os criterios de avaliación das materias a correcta realización de citas e referencias que se realicen nos traballos e mesmo nos exames.
- Facilitar información clara e concreta ao alumnado sobre as normativas existentes e orientalo na aplicación desa información recibida, tanto nas clases como nas titorías.
- Favorecer os debates sobre os fundamentos éticos nos que se sustenta o deber de respectar a propiedade intelectual.
- Empregar as ferramentas informáticas de control do plaxio actualmente existentes, máis como medio didáctico que como instrumento de control, para así mellorar os escritos do alumnado, facendo fincapé na necesidade de presentar ideas interconectadas por cada un dos estudantes e a importancia das ideas propias.
- Participar activamente na elaboración e revisión dos códigos normativos dos centros de forma que sexan útiles para lograr unha boa coordinación do profesorado nas materias en canto a datas de exames, límite de traballos por materias ou prazos de entrega de traballos.
- Introducir a temática do plaxio académico na programación docente de grao no primeiro curso, levando a cabo actividades de concienciación, dando a coñecer as ferramentas antiplaxio e dedicando unha maior cantidade de tempo ás respectivas normativas de citación nas diversas ramas de coñecemento, prevalecendo a vertente práctica fronte á teórica en dita abordaxe.
- Levar a cabo un seguimento/unha formación continua sobre un correcto proceso de citación nos traballos académicos ao longo da duración dos estudos universitarios.

- Fomentar unha maior atención individualizada no proceso de ensinanza-aprendizaxe do alumnado, favorecida coa redución da ratio profesor/alumno, o cal permita ofrecer o feedback das tarefas realizadas ao alumnado.
- Fomentar a innovación e a utilidade nos traballos académicos, unha maior reflexión crítica e aportacións persoais, non cinguíndose en exclusividade ás ideas que foron expostas con anterioridade por outros/as autores/as.
- Impulsar a coordinación entre o profesorado, evitando a sobrecarga de traballo para o alumnado e implicándose todos/as de igual xeito na aplicación das medidas existentes de prevención e corrección do plaxio académico.
- Modificar as metodoloxías de traballo, procurando impulsar no alumnado as competencias necesarias que favorezan a reflexión, redacción e síntese da información que manexa o alumnado.
- Levar a cabo boas prácticas respecto á autoría, referenciando nos propios traballos e explicacións das fontes de información empregadas, fomentando a figura do/a docente como exemplo de boa praxe.

ORGANOS DE XESTIÓN UNIVERSIDADES

- Facilitarlle ao profesorado e alumnado recursos que axuden a combater a praxe do plaxio, poñendo a súa disposición ferramentas antiplaxio.
- Diseñar e/ou actualizar os protocolos de ética, así como os protocolos a seguir, de tal modo que calquera suxeito saiba como proceder ante unha situación de plaxio, e sexan as mesmas condicións para todos/as.
- Crear comités de Ética en todas as facultades/centros universitarios, que se involucren na problemática do plaxio académico e se ocupen das cuestións vinculadas coas implicacións éticas e sociais no ámbito universitario.
- Integrar nos códigos normativos da Universidade os artigos necesarios para que se recolla claramente a obriga do profesorado e do alumnado de que se citen e referencien as autorías dos documentos bibliográficos que se empreguen como base para realizar actividades das materias do currículo ou traballos de fin de grao, fin de mestrado, teses de doutoramento, artigos, informes de investigación, proxectos docentes..., así como as sancións que se derivarían do incumprimento dos citados artigos.
- Deixar marxe aos diferentes centros para que poidan introducir nos seus códigos normativos o sentido e matices que polas súas peculiaridades (Belas Artes, Dereito, Enxeñaría, Arquitectura, ...) poidan necesitar.
- Incluír nos códigos normativos unha gradación das posibles infraccións en materia de plaxio explicitando con absoluta claridade e concreción as sancións que corresponderían en cada caso.
- Diseñar accións formativas dende a propia institución co fin de capacitar ao persoal da universidade para poder facer uso das ferramentas e medios de detección de plaxio ou fraudes, mediante criterios unificados de interpretación dos resultados, na elaboración de traballos académicos.
- Velar polo cumprimento das normas aprobadas e publicadas pola Universidade que, formando parte dos códigos normativos da mesma, garden relación con respecto á propiedade intelectual por parte de todos os membros da comunidade universitaria e axuden a previr e evitar prácticas deshonestas (condutas de plaxio).
- Contar con especialistas dentro da propia universidade aos que acudir ante un problema de plaxio ou copia substancial de información na realización de traballos

académicos, especialmente no caso de traballos de peso para a conclusión de estudos, ou para a obtención de títulos académicos.

- Promover canles de coordinación entre o profesorado para que as pautas sexan o máis claras posibles na realización dos traballos académicos.
- Impulsar os valores que están a sufrir deterioro coa comisión de plaxio académico, de xeito transversal nas diversas actividades de ocio e lecer universitarias (teatro, voluntariado,...).
- Transformar, mellorar e impulsar os Plans de Acción Titorial incluíndo estratexias que axuden aos estudantes a evitar que incorran en prácticas de plaxio, ou incluso a través da creación de figuras de mentoría nas distintas facultades, que acompañen e guíen ao alumnado nas boas praxes académicas no transcurso do primeiro ano universitario.
- Diseñar guías e titorías sobre como previr a comisión de plaxio dirixidos ao alumnado e ao profesorado.

ORGANOS DE GOBERNO DA CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE DA XUNTA DE GALICIA

- Incluir nos currículos, correspondentes ás etapas de educación secundaria obrigatoria e posobrigatoria, competencias, contidos e criterios de avaliación relativos a saber citar e referenciar as autorías dos documentos bibliográficos empregados para o estudo dos contidos das diferentes materias.
- Incluir como criterio de avaliación nas probas de acceso á universidade a correcta realización de citas e referencias nas materias nas que se considere que serían necesarias.
- Planificar, executar e avaliar actividades e programas de formación continuada do profesorado que o capaciten para traballar co alumnado de forma que ao final, e de cara ás probas de acceso á universidade, sexa quen de citar e referenciar con acerto algunha das autorías que lle permitiron construír a resposta ás preguntas dunha proba escrita.
- Impulsar a creación dunha normativa reguladora do plaxio académico para o alumnado, profesorado e institucións, que podería vir da man da CRUE Universidades Españolas por ser quen ten a competencia en organización institucional.
- Consensuar as consecuencias que ten a comisión de plaxio e a gradación das mesmas en función da gravidade da acción, e deixar constancia da transcendencia de que dita normativa chegue a toda a comunidade educativa, facendo a todos/as coñecedores da información que na mesma se reúne.
- Ter unha maior dedicación á construción cidadán dende os niveis educativos de base, promovendo valores que axudarán na redución posterior da comisión de plaxio académico.
- Dotar de maior importancia na educación infantil e primaria á formación nos temas de ética e promover, igualmente, en maior medida, a educación familiar.
- Potenciar a investigación sobre a temática do plaxio académico, abordando interrogantes que aínda quedan por despexar.

REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

- Ceballos, Z.R., & Vásquez, E.A. (2013). Comportamientos, pensamientos y sentimientos frente al fraude académico en ámbitos universitarios CESMAG y Universidad Mariana. En F. Vásquez (Comp.), *Investigar la docencia: investigaciones sobre prácticas evaluativas en el aula, conflicto escolar y problemas de aprendizaje* (pp.189-228). Bogotá D.C.: Kimpres, Universidad de la Salle.
- Miranda, A. (2013). Plagio y ética de la investigación científica. *Revista Chilena de Derecho*, 40(2), 711-726. doi: <http://dx.doi.org/10.4067/S0718-34372013000200016>
- Morey-López, M., Sureda-Negre, J., Oliver-Trobat, M.F., & Comas-Forgas, R.L. (2013). Plagio y rendimiento académico entre alumnado de Educación Secundaria Obligatoria. *Estudios sobre Educación*, 24, 225-244. Recuperado de <http://dadun.unav.edu/handle/10171/29571>
- Muñoz-Cantero, J.M., Rebollo-Quintela, N., Mosteiro-García, J., & Ocampo-Gómez, C.I. (2019). Validación del cuestionario de atribuciones para la detección de coincidencias en trabajos académicos. *RELIEVE*, 25(1), art. 4. doi: <http://dx.doi.org/10.7203/relieve.25.1.13599>
- Porto-Castro, A.M., Espiñeira-Bellón, E.M., Losada-Puente, L., & Gerpe-Pérez, E.M. (2019). El alumnado universitario ante políticas institucionales y de aula sobre plagio. *Bordón. Revista de Pedagogía*, 71(2), 139-153. Recuperado de <https://recyt.fecyt.es/index.php/BORDON/article/view/69104>
- Porto-Castro, A.M., Mosteiro-García, M.J., & Gerpe-Pérez, E.M. (2019). *Las causas del plagio académico en estudiantes de Pedagogía*. Actas del XIX Congreso Internacional de Investigación Educativa (vol. I). Recuperado de https://aidipe2019.aidipe.org/files/2019/07/Actas_AIDIPE2019_Vol_I.pdf
- Ramírez, A.C. (2017). El plagio académico. Experiencias y algunas ideas para desalentarlo de manera más efectiva. *Ciencia Nicolaita*, 70, 7-22. Recuperado de <https://www.cic.cn.umich.mx/index.php/cn/article/view/355>
- Real Academia Española (2001). *Diccionario de la lengua española* (22ª ed.). Madrid: Autor. Real Academia Española, 2001.
- Ruíz, A.M. (2016). Fuentes digitales y fuentes impresas. Prácticas letradas y plagio en el marco universitario. *Revista Chilena de Literatura*, 94, 215-230. doi: <http://dx.doi.org/10.4067/S0718-22952016000300011>

Toller, F. M. (2011). Propiedad intelectual y plagio en trabajos académicos y profesionales. *British Journal of Educational Technology*, 34(4), 467-477. Recuperado de <https://revistas.uexternado.edu.co/index.php/propin/article/view/3000>